

Proxecto Educativo de Centro



ÍNDICE

pág.

| | |
|--|----|
| 1. Introducción – Marco legal..... | 4 |
| 2. Estudo e análise do contexto escolar..... | 5 |
| 2.1 – Datos identificativos do centro | |
| 2.2 – Descrición do entorno | |
| 2.3 – Situación socio – económica das familias | |
| 3. Características do centro..... | 7 |
| 3.1 – Estrutura | |
| 3.2 – Horario e oferta educativa | |
| 3.3 – Utilización das instalación do centro | |
| 4. Fins e intencións educativas do centro..... | 10 |
| 4.1 – Que escola queremos? | |
| 4.2 – Metodoloxía | |
| 4.3 – Obxectivos xerais | |
| 4.4 – Obxectivos específicos | |
| 5. Estrutura organizativa do centro..... | 16 |
| 5.1 – Órganos de goberno | |
| 5.1.1 – Unipersoais: Equipo directivo | |
| 5.1.2 – Colexiados: Consello Escolar, Claustro e Observatorio da convivencia | |
| 5.2 – Órganos de Coordinación docente | |
| 5.2.1 – Equipos de ciclo | |
| 5.2.2 – Comisión de Coordinación Pedagóxica | |
| 5.2.3 – Equipo de Dinamización da Lingua Galega | |
| 5.2.4 – Equipo de Actividades Complementarias e Extraescolares | |

5.2.5 – Equipo de Dinamización da Biblioteca

5.2.6 – Equipo de Dinamización TICS

5.2.7 – Titorías de pais

5.2.8 – Departamento de Orientación

5.3 – Persoal non docente

5.4 – ANPA

6. Relacións institucionais e co contorno.....23

1.INTRODUCCIÓN – MARCO LEGAL

No Decreto 374/1996 do 17 de outubro, polo que se aproba o Regulamento orgánico das escolas de educación infantil e dos colexios de educación primaria e na Orde do 22 de xullo de 1997 pola que se regulan determinados aspectos de organización e funcionamento das escolas de educación infantil, dos colexios de educación primaria e dos colexios de educación infantil e primaria, establecece que o centro deben elaborar un Proxecto Educativo de Centro seguindo estas disposicións:

- O Equipo directivo elaborará o PEC partindo das características de situación, contorno, alumnado e profesorado do centro.

- Os apartados máis significativos que se incluírán no PEC serán os seguintes:
 - Obxectivos do centro
 - Fins e intencións educativas
 - Oferta educativa
 - Organización xeral
 - Normas de Organización e Funcionamento.
 - Relacións coas familias e institucións

- O Consello Escolar aprobará e avaliará o PEC.

Este documento marca a personalidade do centro e servirá de base á elaboración das diferentes programacións. Así mesmo complétase con outros documentos de xestión que se relacionan nos anexos.

2. ESTUDO E ANÁLISE DO CONTEXTO ESCOLAR

2.1 – Datos identificativos do centro

| | |
|--|---|
| Nome do centro | CEIP Plurilingüe Santa María |
| Código do centro | 15013591 |
| Dirección | Praza de América s/n 15320 As Pontes |
| Teléfonos | 881930070- 881930071 - 689725097 |
| Fax | 881930073 |
| E - mail | ceip.santamaria.aspontes@edu.xunta.es |
| Páxina web | www.edu.xunta.es/centros/ceipsantamariaaspontes/ |
| Blogs | bibliolili.blogspot.com.es raiolasinfantil.blogspot.com.es raiolasprimaria.blogspot.com.es skidamarink2012.blogspot.com.es |
| Titularidade | Colexio público dependente da Xunta de Galicia |
| Niveis educativos que se imparten | Educación Infantil e Educación Primaria |

2.2 – Descrición do entorno

O CEIP Plurilingüe Santa María, está situado no centro do núcleo urbano do concello de As Pontes. Foi construído grazas ás achegas económicas de emigrantes de As Pontes na Habana, inaugurándose o grupo escolar o 28 de xullo de 1929. Ao ser un edificio antigo foi obxecto de varias remodelacións nos anos 1965, 1971, 1978, 2001 e 2005.

Este “centro de indianos” é hoxe un colexio que, aínda que presenta algunhas carencias tratamos de superalas para que non supoñan limitacións de ningún tipo, está adaptado aos novos tempos e ás novas tecnoloxías pero sen perder o encanto que sempre o caracterizou.

2.3 – Situación socioeconómica das familias

Os aspectos do noso contexto socioeconómico e cultural que caben destacar son os seguintes:

- Nivel económico e cultural medio.
- Existe unha pequena porcentaxe de poboación inmigrante que inflúe na nosa comunidade.
- É un entorno basicamente castelán falante pola influencia externa que sempre tivo por ser núcleo industrial.
- Non contamos con servizo de comedor nin de transporte por ser alumnado que vive moi próximo ao centro.

3. CARACTERÍSTICAS DO CENTRO

3.1 – Estrutura

O centro consta de dous pavillóns distribuídos da seguinte maneira:

PAVILLÓN 1

| Planta baixa | Planta alta |
|---|-------------------------------|
| Sala de mestres | 4 aulas de Educación Primaria |
| Dirección | Aula de música |
| Secretaría | Aula de PT |
| Biblioteca | Aula de inglés |
| Sala de usos múltiples | 2 baños do alumnado |
| Aula de informática | |
| Departamento de Orientación | |
| Aula de material | |
| 3 almacéns (deportes, limpeza e material diverso) | |
| Baño de mestres | |
| Baños do alumnado | |

PAVILLÓN 2

| Planta baixa | Planta alta |
|-------------------------------|-------------------------------|
| 3 aulas de Educación Infantil | 2 aulas de Educación Primaria |
| Baños de alumnado e mestres | Local da ANPA |
| Almacén material diverso | Baños de alumnado e mestres |

Ademais contamos cun patio de recreo cuberto para Educación Infantil e un patio descuberto para Educación Primaria, utilizado así mesmo para as clases de Educación Física e outras actividades.

3.2 – Horario e oferta educativa

O horario do centro é de xornada única, de 9:00 a 14:00 horas.

Todos os martes, en sesión de tarde, de 15:00 ata as 18:00 realizaranse tarefas de titoría e celebraranse as reunións de traballo dos diferentes equipos e dos órganos colexiados.

En canto á oferta educativa, contamos cunha soa liña tanto en Educación Infantil (3 unidades) como en Educación Primaria (6 unidades).

As actividades complementarias ofertadas polo centro figuran anualmente detalladas na PXA. Oriéntanse fundamentalmente a: saídas, visitas a museos, exposicións, teatro, encontro con autores, visitas didácticas e actividades no medio natural.

O centro está integrado no PLAMBE dende o curso 2012-2013.

Somos centro plurilingüe dende o curso 2013-2014.

Outras actividades extraescolares que oferta o centro están realizadas en colaboración coa ANPA e co Concello: pintura, inglés, psicomotricidade, rugby, teatro...

Estas actividades poderán ser modificadas anualmente segundo a demanda ou as posibilidades de organización e figurarán na PXA correspondente.

3.3 – Utilización das instalacións do centro

Para a utilización das instalacións do centro, por parte de entidades ou persoas alleas á comunidade escolar, presentárase a solicitude ante a dirección do centro, que solicitará do Consello Escolar a autorización sempre que non se altere o normal funcionamento da actividade educativa.

Utilizaranse as instalacións mediante equipos federados, grupos organizados, competicións programadas etc. pero nunca desordenadamente e sempre sendo representados por unha persoa ou entidade responsable. Farán un uso adecuado de ditas instalacións e responsabilizaranse dos posibles desperfectos.

4. FINS E INTENCIÓNS EDUCATIVAS DO CENTRO

4.1 – Que escola queremos?

Partindo de que a educación é un dereito fundamental e por suposto universal, dende o CEIP Plurilingüe Santa María traballamos para acadar unha escola:

Plural: renunciámos a todo tipo de sectarismo declarándonos respectuosos co dereito á liberdade do pensamento, ideas que sexan compatibles coa Declaración dos Dereitos Humanos como:

- Respecto aos demais e a un mesmo.
- Respecto polo entorno: natureza, parques, edificio, material escolar...
- Solidariedade: fomentando actitudes de axuda, colaboración, atención ás necesidades dos compañeiros etc...
- Responsabilidade, sendo consecuente coas obrigas e accións de cada un, cumprindo cos acordos tomados e aceptando o criterio da maioría cando non hai consenso.
- Tolerancia, educando no respecto ás opinións dos demais, saber esperar, saber perdoar sendo capaces de ver as cousas dende outros puntos de vista.

Integradora: unha escola para a igualdade e non discriminación por razón de sexo, nacemento, raza, capacidade económica, nivel social, conviccións políticas ou morais, así como por discapacidades físicas, sensoriais e psíquicas.

Aconfesional: o centro como comunidade educativa non ten carácter confesional e debe garantir polo tanto unha educación baseada no respecto e tolerancia das crenzas individuais dos seus membros.

Comprometida coa convivencia e a Paz: comprometida coa formación para a Paz e os dereitos humanos, que rexeite a violencia, esixente no respecto á dignidade e integridade dos membros da comunidade escolar.

Consumismo: fomentaremos actitudes que vaian na liña de manter un consumo equilibrado na alimentación, vestimenta e no coidado do medio ambiente.

Democrática e progresista: unha escola que mira cara ao futuro, transmitindo uns valores que incidan no desenvolvemento integral da persoa, tanto a nivel de formación persoal como no desenvolvemento da capacidade crítica, fomentando valores como: tolerancia, responsabilidade, diálogo...

Relacionada coa contorna: consideramos que a escola debe estar integrada na contorna, valorando positivamente as oportunidades e as colaboracións que nos ofrece, establecendo relación de cooperación, ben sexa co Concello, asociacións, empresas etc.

4.2 – Metodoloxía

Non é doado definir unha única liña metodolóxica para todo o centro, pois a formación e experiencia de cada un vai aportando unha base metodolóxica chea de principios psicopedagóxicos que fai que se configuren estilos diferentes de ensinar.

Mais considerando todo isto nós:

- Partiremos sempre dunha avaliación inicial dos contidos que nos permitan axustar a ensinanza – aprendizaxe ao diferente nivel dos distintos escolares.
- Adaptaremos o ensino aos diferentes ritmos e capacidades de aprendizaxe flexibilizando os tempos escolares, coa finalidade de atender á diversidade do alumnado.
- A ensinanza será activa, potenciadora do aprender a aprender e a pensar, e da creatividade do alumnado; así como no respecto mutuo e no diálogo.
- O noso traballo estará baseado en:
 - A colaboración e non competencia.
 - Respecto aos compañeiros e non rivalidade.
 - Orde e disciplina para favorecer un bo clima de traballo na aula.
- O profesorado deberá facer un traballo de coordinación para unificar os criterios de actuación.
- Consideramos a Biblioteca escolar como un gran centro de recursos, espazo dinámico que favoreza a construción do coñecemento e estímulo enriquecedor da actividade na aula. Darase un pulo a súa función, por iso terá horario de apertura e préstamo nos tempos de lecer.
- O centro aposta pola actualización dos recursos fomentando as TICS e tamén a formación do profesorado, clave para seguir nunha liña innovadora.
- Apostamos por unha escola aberta, rica en aprendizaxe fóra da aula, valorando positivamente saídas á contorna e culturais. Unha escola integrada no medio onde teñan cabida todos os

axentes externos (pais, asociacións culturais, Concello...), relacionándose e tratando de aproveitar sempre a maior cantidade de recursos educativos e humanos que se poidan ofrecer.

4.3 – Obxectivos xerais

- Facilitar o pleno desenvolvemento da personalidade do alumno.
- Desenvolver as capacidades intelectuais, técnicas de estudo e destrezas psicomotoras, conseguindo unha correcta presentación dos traballos.
- Adquirir hábitos de estudo e técnicas de traballo, así como coñecementos científicos, técnicos, históricos e culturais.
- Orientar e formar ao alumno cara á busca de valores que o leven ao respecto de si mesmo e dos demais, cun sentido da responsabilidade persoal e colectiva.
- Desenvolver no alumnado un coñecemento crítico e analista para que participe activamente na vida social e cultural da contorna.
- Crear unha auténtica comunidade educativa como expresión dunhas relacións humanas dirixidas cara a intereses comúns, que facilite o logro dos obxectivos persoais de formación e superación de todos os seus compoñentes, de xeito que faga posible a convivencia en liberdade, respecto, afecto e solidariedade.
- Educar ao alumnado para a paz, cooperación e solidariedade.

4.4 – Obxectivos específicos

- Fomentar a adquisición de hábitos relacionados coa hixiene e a saúde, facendo realidade unha aprendizaxe significativa, favorecendo o desenvolvemento integral da persoa.
- Educar nos valores humanos, fomentando a tolerancia e a solidariedade para acadar unha formación na igualdade entre os sexos e no rexeitamento a todo tipo de discriminación.
- Mellorar o rendemento académico do alumnado fomentando a capacidade de traballo e o interese pola aprendizaxe.
- Seleccionar e afondar nos contidos curriculares que sexan máis funcionais e de interese para o noso alumnado.
- Interrelacionar os diferentes contidos curriculares para que o noso alumnado adquira un grao de desenvolvemento axeitado nas diferentes competencias.
- Promover e potenciar diariamente hábitos de lectura no alumnado na aula, na biblioteca e nos tempos de lecer.
- Atender á diversidade do alumnado establecendo medidas de apoio e propostas de mellora, así como revisar e realizar as adaptacións curriculares para aquel alumnado que precise delas.
- Traballar de xeito coordinado e acadar un clima de respecto entre os membros da comunidade educativa.
- Impulsar a acción de titoría individualizada e de grupo como algo esencial no proceso educativo.
- Insistir nun ensino máis activo en materias nas que son fundamentais a práctica para adquirir soltura como é o caso das linguas, nas que o alumno ten que aprender a expresarse.

- Potenciar as TICS como recurso didáctico para integralas como ferramenta indispensable no deseño de programas que propicien a innovación educativa.
- Acadar unha relación co entorno social, económico e cultural seguindo na elaboración de actividades para poñer en valor as nosas festas tradicionais e conmemoracións.

5. ESTRUTURA ORGANIZATIVA DO CENTRO

5.1 - Órganos de goberno

5.1.1- Unipersoais (Equipo directivo)

Terán as funcións que lles asina o Regulamento Orgánico das escolas de Educación Infantil e dos colexios de Educación Primaria (Decreto 374/1996 do 17 de outubro- DOG 21/10/96).

Os criterios de funcionamento serán:

- Cumprir e facer cumprir a lexislación vixente.
- Favorecer un clima de traballo grato e respectuoso entre toda a comunidade escolar e coas institucións.
- Fomentar o traballo coordinado e en equipo.
- Potenciar a implicación de toda a comunidade educativa no bo funcionamento do centro.
- Coordinar as tarefas dos diferentes equipos.
- As decisións do Equipo Directivo asumiranse conxunta e colexiadamente, aínda que cada membro do equipo se responsabilice por cuestión de operatividade de tarefas e campos diversos.
- Gardando a legalidade vixente estamos na procura de que a toma de decisións sexa compartida cos diferentes órganos do centro (Consello Escolar, Claustro, CCP e Ciclo ou Niveis) co fin de chegar na medida do posible a acordos e consensos.
- Procuraremos a transparencia informativa de todas aquelas cuestións que afectan á comunidade escolar.

- Dar pulo a proxectos e traballos creativos en calquera ámbito da vida do centro, tanto a nivel colectivo como individual.
- Potenciar as actividades encamiñadas ao perfeccionamento profesional.
- Comunicación directa con todos os membros da comunidade educativa.

5.1.2 – Colexiados (Claustro e Consello Escolar)

CLAUSTRO

É o órgano pedagóxico supremo do centro, a súa composición e competencias veñen recollidas no Decreto 374/1996, do 17 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Orgánico das escolas de Educación Infantil e dos colexios de Educación Primaria.

A frecuencia das reunións procurarase que sexa mensual, co fin de informar e acordar aqueles aspectos educativos nos que consideramos necesarios a aprobación e o consenso.

Cando os aspectos a debater sexan relevantes e co fin de axilizar ao máximo as reunións facilitarase o acceso a toda a información dispoñible sobre a orde do día. Intentarase buscar o maior índice de consenso nas decisións que se tomen así como no cumprimento das mesmas.

CONSELLO ESCOLAR

É o órgano máximo de participación dos diferentes sectores da Comunidade Educativa. A súa composición e competencias veñen recollidas no Decreto 374/1996, do 17 de outubro, polo que se aproba

o Regulamento Orgánico das escolas de Educación Infantil e dos colexios de Educación Primaria.

O Consello Escolar reunirase sempre que haxa temas que tratar e polo menos unha vez ao trimestre. Todas as reunións celebraranse fóra do horario lectivo e en horas nas que todos os membros poidan asistir.

Se os asuntos que se vaian tratar así o aconsellan, poderán realizarse convocatorias extraordinarias. As decisións do Consello Escolar adoptaranse por maioría simple dos presentes, á excepción dos casos contemplados na lexislación vixente. O presidente dirimirá o empate co seu voto de calidade. Dentro do Consello Escolar funcionarán as seguintes comisións: Comisión permanente, Comisión Económica, Comisión de Biblioteca e Comisión da Convivencia.

5.2- Órganos de Coordinación Docente

5.2.1 – Equipos de Ciclo

Son un órgano de coordinación docente e as súas funcións así como as competencias do coordinador/a, veñen recollidas no Decreto 374/1996, do 17 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Orgánico das escolas de Educación Infantil e dos colexios de Educación Primaria.

Dende a entrada en vigor da LOMCE só funciona como ciclo o Equipo de Educación Infantil. En Educación Primaria non se contemplan os ciclos.

O ciclo de Educación Infantil ten un coordinador/a proposto/a entre os seus membros e designados pola directora do centro. Será un mestre que

imparta docencia no ciclo, preferentemente con destino definitivo e horario completo.

Normalmente reunirse cunha periodicidade mensual, podendo ter variacións debido ás necesidades educativas puntuais. No ciclo analízanse e débátese todas as propostas referidas á programación, actividades complementarias e extraescolares, conmemoracións, avaliacións, criterios de avaliación, adecuación de libros de texto, atención á diversidade; co fin de tomar as decisións educativas oportunas e levar as propostas dos seus membros á Comisión de Coordinación Pedagóxica, ao Departamento de Orientación, aos diferentes Equipos de Dinamizacións e ao Claustro.

Para preservar a unidade do Ciclo todas as decisións deberán ser acadadas con consenso e asumidas por todo o profesorado que imparte docencia nalgún dos seus niveis. Buscarase sempre a mellor coordinación posible e o traballo en equipo.

5.2.2 – Comisión de Coordinación Pedagóxica

Está formada pola directora, o xefe de estudos, a coordinadora de Educación Infantil, os titores de Educación Primaria, a coordinadora do Equipo de Normalización Lingüística e o orientador, actuando como secretario/a un dos membros da comisión. As súas competencias regúlanse polo disposto no Regulamento Orgánico das escolas de Educación Infantil e dos colexios de Educación Primaria (Decreto 374/1996 do 17 de outubro – DOG 21/10/96). Reunirse unha vez ao mes.

5.2.3 – Equipo de Dinamización da Lingua Galega

Está constituído para potenciar o uso da lingua galega no centro, será nomeado e supervisado pola dirección do centro e formado polo seu

coordinador, profesorado e persoal non docente (Decreto 79/2010 do 20 de maio).

As súas competencias están reguladas polo disposto no Regulamento Orgánico das escolas de Educación Infantil e dos colexios de Educación Primaria.

5.2.4 – Equipo de Actividades Complementarias e Extraescolares

Está formado por todos os mestres do Claustro e un deles exercerá como xefe do equipo de actividades. Será o encargado de coordinar todo tipo de actividades relacionadas co centro. As súas competencias están reguladas no Regulamento das escolas de Educación Infantil e dos colexios de Educación Primaria.

5.2.5 – Equipo de Dinamización da Biblioteca

O Equipo de Dinamización da Biblioteca está composto por profesorado dos distintos niveis; que se reunirán mensualmente. Actualmente formamos parte do PLAMBE.

5.2.6 – Equipo de Dinamización das TICS

Integrado por representantes de todos os niveis; reuníndose normalmente unha vez ao mes.

5.2.7 – Titorías de pais

Cada grupo de alumnos ten un profesor- titor designado pola directora a proposta do xefe de estudos. O profesor titor será o que imparta maior número de horas nesa titoría. As súas funcións quedan establecidas ao disposto no Regulamento Orgánico das escolas de Educación Infantil e dos

colexios de Educación Primaria (Decreto 374/1996 do 17 de outubro – DOG 21/10/96).

Para recibir aos pais está establecida unha hora á semana que é os martes de 17:00 a 18:00 horas. Así tamén cada profesor - titor pode facer reunións ao longo do curso cos pais/nais, sendo obrigada unha antes do mes de novembro para informar do desenvolvemento do curso.

Todos os mestres que impartan clase ao mesmo grupo de alumnos reuniranse polo menos unha vez por trimestre, nas xuntas de avaliación, ou sempre que se estime necesario.

5.2.4 – Departamento de Orientación

Está formado pola coordinadora de Educación Infantil, os mestres titores de Educación Primaria, a mestra de Pedagogía Terapéutica, a mestra de Audición e Linguaxe e o xefe do departamento. Establece unha vía permanente de asesoramento ao profesorado e ás familias. As súas competencias veñen determinadas no Regulamento de Orientación Educativa (Decreto 120/1998 do 23 de abril. DOG 27/4/98).

5.3- Persoal non docente

O persoal non docente pertence ao Concello, sendo o seguinte:

- Unha persoa en horario completo facendo labores de limpeza e conserxería.
- Outra persoa a tempo parcial que fai labores de limpeza.

Este persoal procurará manter unha boa relación co equipo directivo e con todo o profesorado, para que así entre todos poidamos levar a cabo un bo labor educativo.

5.4 – ANPA

No noso centro hai unha asociación de pais e nais de alumnos. Dita asociación ten reguladas as súas funcións no Regulamento Orgánico das escolas de Educación Infantil e dos colexios de Educación Primaria (Decreto 374/1996 do 17 de outubro – DOG 21/10/96).

A ANPA encárgase das actividades extraescolares que se fan no centro ou noutras instalacións en horario de tarde.

O local da ANPA ten un horario para atender a todos os pais e nais que o necesiten os xoves de 9 a 10 da mañá. Do mesmo xeito, a asociación realiza periodicamente reunións xerais informativas.

A ANPA colabora nalgunhas conmemoracións dentro do horario lectivo: Magosto, Nadal, Entroido...

A nosa ANPA está integrada na asociación de ANPAS do pobo: ABRENTE.

6.RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E CO CONTORNO

Este centro aposta por manter sempre as mellores relacións coas familias e as institucións, buscando a fluidez, o trato respectuoso, a colaboración e a participación en todas as actividades propostas.

Poñeremos especial énfase na relación coas familias, o centro adscrito (IES Moncho Valcarce), outros centros da localidade, ANPA e Concello das Pontes.

Dende o centro preténdese:

- Potenciar a relación e colaboración coas asociacións culturais do Concello.
- Colaborar e participar naquelas actividades programadas polas diferentes entidades e asociacións do Concello que se consideren oportunas e acorde cos obxectivos propostos neste PEC.
- Colaborar e participar nas actividades organizadas polo Concello a través das distintas concellerías (educación e cultura, servizos sociais etc.)
- Facilitar o uso das instalacións do centro a aquelas entidades ou institucións que o soliciten e sempre e cando os seus obxectivos e fins estean de acordo co noso PEC.